



UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

REGISTRO XERAL
SALDO

Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente
e Investigador
Reitoría
Praza do Obradoiro, s/n
15782 Santiago de Compostela

SAL. 000419 09.07.15 14:03

O Acordo do Consello de Goberno do 21 de decembro de 2009 aprobou a Normativa de mobilidade entre os Campus da USC (Santiago/Lugo). Este acordo regula o procedemento mediante o que se permite realizar actividades docentes nun campus distinto ao que ten o profesor.

Como Norma Xeral o PDI está adscrito a unha única área de coñecemento, a un único departamento e a un único campus, sen prexuízo da súa asignación a un centro docente, instituto universitario ou centro de investigación de acordo coas características da praza que ocupa.

A adscrición a un campus implica o dereito e a obriga de desenvolver as actividades docentes e investigadoras nun ou en varios centros dese campus. Non obstante, a adscrición a un campus é compatible coa asignación de actividades docentes noutro campus nos termos nos que se acordou na Normativa de mobilidade intercampus.

Tendo en conta que o artigo 3.1 da Normativa de mobilidade establece que a asignación de actividades docentes noutro campus distinto ao de adscrición terá carácter voluntario e non xerará dereito a compensación económica resulta necesario concretar os casos nos que a mobilidade intercampus podería xerar dereito a unha compensación económica, polo que a eses efectos dítase a seguinte

INSTRUCCIÓN

- 1) A asignación de actividades docentes en campus distinto ao de adscrición terá carácter voluntario e non xerará dereito a compensación económica no caso de desprazamento do PDI afectado, agás cando, de acordo cos criterios que se establezan na Normativa de Planificación Académica Anual para ese curso académico, a capacidade docente neta dunha área de coñecemento nun campus estea por debaixo das necesidades docentes e non exista ningunha área de coñecemento con un nivel de afinidade que poida facerse cargo desa docencia. Nestes casos, e co fin de que o número de desprazamentos semanais do profesorado suxeito a mobilidade sexan os mínimos posibles, procurarase intensificar a docencia na materia ou materias correspondentes.


- II) Nas titulacións nas que na memoria ou na Planificación Académica Anual se incorpore unha área externa para a realización de actividades docentes corresponderá aos responsables da titulación a compensación económica que de ser o caso corresponda mediante os recursos que consigan a eses efectos. A autorización por parte da Vicerreitoría con competencia na materia para a realización de actividades docentes a persoal da área externa en ningún caso dará dereito a ningún tipo de compensación económica.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2015

Por delegación do Sr. Reitor

(RR. do 19/06/2014 – DOG 30/06/2014)

O Vicerreitor de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador




Luís Lima Rodríguez